

SEGUNDA XUNTANZA DE AULA

Aula 3

1. **PRESENTACIÓN.** Ola a todos/as, graciñas por vir. Esta xuntanza servirá para facer unha valoración do xa vivido ata agora e do que nos queda por vivir ata o final do curso, así como para aclarar posibles dúbidas ou preguntas que queirades facer.

Antes de nada agradecervos toda a colaboración que me prestáchedes ata agora: en **Adaptación** (gracias pola paciencia, foi unha adaptación un chisco dura); no **Outono** (por traer elementos típicos desa estación para manipular.. follas secas, ourizos..) Gracias ós que vos animáchedes a decorar unha calabaza para a exposición da entrada, e Gracias por mandalos disfrazados para a festa de Samaín; no **Nadal** (Gracias ós que trouxéchedes un adorno para pegar no árbol do patio.. e ós que fixéchedes adornos con material de reciclaxe).

2. **MOMENTO EVOLUTIVO.** Somos un grupo que vai desde Marzo/Setembro ata Decembro, e cada un ten o seu ritmo.

A NIVEL DE LINGUAXE. Non tardaremos moito en comezar a dicir as nosas primeiras palabras, polo que favoreceremos a linguaxe a través de:

- Falarlles correctamente.
- Provocar as palabras (os xestos non os entendemos)
- Repetir as palabras vocalizando moito.
- Deixar que nos falen.
- Repetir (sen insistir) as palabras correctas.
- Ver con eles moitas contos.

A NIVEL DE SOCIALIZACIÓN. Comezamos en xeral a coñecer ós amigos, a acercarnos ós outros e tamén os primeiros CONFLICTOS (por xoguetes, por probar respostas nos amigos, como xogo ou simplemente por chamar a atención...) PACIENCIA...e vixiar as uñas dos nenos. Xa comezamos a ter algúns encontronazos (tiróns de pelo, arañazos), e algún mordisco.

Tamén é unha etapa na que tiramos todos os xoguetes ou golpeamos con eles todas as superficies, temos que decirlles que iso non se fai, a forza de insistir acábase conseguindo.

A NIVEL DE MOTRICIDADE. Están nun momento de experimentación de posibilidades insistindo si non conseguen o que queren pero co perigo de non coñecer ben os seus límites, (subirse a todo)...

A NIVEL DE AUTONOMÍAS. Aínda é pronto, en xeral, para querer facer as cousas eles sós, pero na medida do posible deberemos comezar a fomentar as autonomías (no xantar, lavar as mans, recoller...).

- Colaborar no aseo (lavar mans e cara)
- No momento de comer (comezar a usar os cubiertos)
- Poñer e quitar chaquetas, abrigos, mandilóns.
- En comedor xa comezamos a beber con vaso sin boquilla, pero con axuda.

3. DINÁMICAS DE AULA. As dinámicas de aula están xa establecidas, aínda que nos costou un pouco debido á dura adaptación, (choros, cansancio, e sobre todo siestas, ...)

- ENTRADA (recibimento e xogo libre).
- PATIO
- INGLÉS (luns, mércores e venres)
- ALFOMBRA (vemos as fotos e repasamos os nomes, tamén vemos un conto, cantamos cancións.)
- ALMORZO (*Animádevos a participar, para que non sexan sempre os mesmos os que traen os almorzos. A folia para apuntarvos está no recanto de nais e pais*).
- XOGO LIBRE, CAMBIO DE CUEIROS, E SIESTAS.
- ACTIVIDADE. (A moitos de nós non nos fai moita gracia mancharnos. Non aguantamos moito facendo a actividade. Ós que durmen siesta suelen perderse a actividade.)
- PREPARÁMONOS PARA COMER.
- COMEDOR.

4. O CURSO A PARTIR DE AGORA. Hoxe comezamos a traballar a Granxa e despois traballaremos o ENTROIDO, o CORPO, os SENTIDOS, os CONTOS e a AUGA.

Co centro de interese dos **CONTOS** queremos facer unha saída á Biblioteca do Fórum coa vosa colaboración, fará falla un adulto, maior de idade, por cada dous nenos; 7 acompañantes. **A data da saída á Biblioteca será o VENRES 22 de Maio** (de 9.30h a 12h máis ou menos), iremos en autobús e poñerei un papel para que se apunten os interesados en ir.

AVISOS:

- Ler o recanto de pais e nais, a Libreta e o panel de información.
- Mirar os sobres de cada un.
- Entregar as circulares na data que corresponde.
- Cintas nos abrigos.
- Roupa co nome.
- Revisar a bolsa das mudas de cando en vez.
- *Bolsa de tela para o babeiro sucio (os que fan comedor).*

RECORDATORIOS:

- Si o nen@ está enfermo non debe vir á escola, e si un día marcha con fiebre, non debería vir ó día seguinte.
- Si o neno está enfermo, e vai estar varios días na casa, por favor, chamade á Escola, para saber qué lle pasa.
- Mentras o nen@ está na Escola mantede os móbiles operativos.
- Ollo coas pinzas do pelo e gomas, que as quitan e as meten na boca...

4. A FESTA DO ENTROIDO

A festa será o Venres 21 de Feb. e xirará en torno a temática deste curso, a música, "O Son de Arela", **nós iremos disfrazad@s do Dúo Dinámico.** Para ese día poderán vir acompañados á festa (un acompañante por nen@), o acompañante tamén virá disfrazado (non é obrigatorio) pero si aconsellable, porque se queremos que a festa teña un sentido para eles, todos deberemos formar parte dela.

Lembrade que no patio temos un sitio asignado, procurade estar nel, e non andar polo patio adiante nin entrando e saíndo da aula. Lembrade tamén non andar sacando fotos nin coa cámara nin co móvil (xa se vos pasarán despois nun CD).

Procurade ser puntuais (estar na esocola ás 10´15h, 10´20h) xa que a foto de grupo se saca na aula antes de saír ó patio).

E non olvidedes vixiar ós vosos fillos no patio (cando esteamos comendo).

Avisarme cando marchedes.

Na festa haberá unha pequena actuación a cargo de pais/nais da Escola. Si algún de vós está interesado en participar que fale con Alejandra (tutora aula 4). Ensaíos polas tardes, o primeiro o xoves 23 de Enero ás 17:30h.

Pedímosvos, para poñer nos decorados da festa, que traiades unha silueta, para pegar como si fose o público dun concerto, (ensinar unha). Podedes facela en papel, cartón, cartulina... podedes facer unha ou varias... poñer unha foto vosa, do neno...

CÓMO VAI SER O NOSO DISFRAZ:

DISFRAZ NEN@S:

- Camiseta, Camisa, ou polo de manga larga branca e pantalóns vaqueros.
- Faremos un chaleco vermello (ensinar o tecido).

DISFRAZ ADULTOS:

- Camiseta, Camisa, ou polo de manga larga branca e pantalóns vaqueros.
- Faremos un chaleco vermello (ensinar o tecido).

A Escola faise cargo do material dos disfraces dos nen@s (Tejido + Cinta de dobre cara). O dos adultos (Tejido + cinta de dobre cara), ou o buscades pola vosa conta, ou volo facilita a escola e pagádesmo a min, serían 2€.

SEMANA " O ROCKEIRO DI...": o **luns 10 de Febreiro** aparecerá un Rockeiro na entrada da escola dando as instrucións de como temos que vir vestidos ó día seguinte e así o martes, o mércores e o xoves. Este disfraz será acumulativo (calcetíns diferentes por fóra do pantalón, pajarita e bigote pintado).

DIA DO PIXAMA: o **venres 14 de Febreiro** os nen@s virán á escola en **Pixama**.

DISFRAZ LIBRE: o **martes 18 de Febreiro** viremos disfrazados da casa, do que queirades, (procurade un disfraz cómodo, co que se poidan mover, e non moi abrigados).

ACTUACIÓN DE PAIS: o día da festa haberá unha actuación dos pais e pode participar quen queira, (os interesados falade con Alejandra, tutora da aula 4).

CALENDARIO DE ENTROIDO:

LUNS	MARTES	MÉRcores	XOVES	VENRES
10 Aparece o Rockeiro e di...	11 Traer Calcetíns diferentes por fóra do pantalón	12 Calcetíns + Pajarita	13 Calcetíns + Pajarita +Bigote Pintado	14 FESTA PIXAMA
17	18 DISFRAZ LIBRE	19	20	21 FESTA ENTROIDO

